

**ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE XUÑO DO 2021****ASISTEN:**

Sr. Alcalde:
Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo
Sres. Concelleiros:
Dna M^a Victoria Montenegro Paz.
Dna Olimpia Marcos García.
D. José Juan Vilar Rico.
Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro.
Dna. Noelia Montero Candal.
Dna. Lucía Blanco García.
D. Luis Cendán Fernández.
Dn. Emilio Mesías Farías.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas do día vinte e oito de xuño do dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, reúñese o Concello Pleno en sesión ordinaria en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario-Acctal, o que o é desta Corporación D. José A Carballo Feijoo.

ASISTEN VIDEOCONFERENCIA:

Dna. Josefina Martínez Martínez.
D. Marcos Carballo Sarmiento.
D. José Manuel Cendán Fernández
Dna. Cristina Cadena Freire
Sr. Secretario-Acctal:
D. José A. Carballo Feijoo.

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Festividades locais 2022.

Dáse conta do escrito remitido pola Consellería de Emprego e Igualdade “Calendario laboral ano 2022” de data 16 de xuño de 2021 do seguinte teor literal:

En cumprimento das instrucións recibidas da Subdirección Xeral de Relacións Laborais, comunícolle que para o calendario laboral do ano 2022 en canto ás festas laborais na Comunidade Autónoma de Galicia, se prevén as seguintes:

FESTIVIDADE	DATA
Día das Letras Galegas	17 de maio
San Xoán	24 de xuño

Así mesmo, deberán terse en contas as festas de ámbito estatal que para o ano 2022 se prevén que sexan as seguintes:

FESTIVIDADE	DATA	
Ano novo	1 de xaneiro	sábado
Epifanía do Señor (Día de Reis)	6 de xaneiro	xoves
Xoves Santo	14 de abril	xoves



CONCELLO DE ARES

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



Venres Santo	15 de abril	venres
Día nacional de Galicia	25 de xullo	luns
Asunción da Virxe	15 de agosto	luns
Festa Nacional de España	12 de outubro	mércores
Todos Os Santos	1 de novembro	martes
Día da Constitución Española	6 de decembro	Martes
Inmaculada Concepción	8 de decembro	Xoves

Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que nese concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e ditar a correspondente resolución, solicítolle que envíe a proposta do pleno ou do órgano competente, na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable dese termo municipal para o vindeiro ano 2022, que deberá remitir a este departamento territorial **antes do día 1 de setembro de 2021**.

Advírtese que, para o caso de non formular proposta ou non remitila antes da dita data, entenderase que optan polas fixadas para o ano 2021 ou para o último exercicio do que se teña constancia de proposta.

No momento de determinar os dous días para as festas locais por parte dese concello deberá terse especial coidado para os efectos de evitar errores, sobre todo respecto daquelas festas que teñan carácter fixo e periódico, pero variable cada ano a súa data de celebración (exemplo: Entroido). Ademais, lémbrese que deberán ser aprobados polo órgano competente do concello.

Así mesmo, advírtese que non se admitirá ningunha corrección de errores posterior ós 15 días naturais seguintes á publicación da resolución pola que se determinan as festas laborais de ámbito local correspondentes a tódolos concellos da provincia da Coruña.

A Coruña, coa data da sinatura electrónica A xefa de sección do SMAC

Miriam Puente Veiga

Sometida a votación as **"Festividades locais 2022"**, o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP, 2 do BNG), acorda aprobar as festividades de ámbito local nas seguintes datas:

FESTIVIDADE	DATA
Mércores de Cinza	2 de marzo
Voto de Chanteiro	7 de xuño

Punto núm. 2.- Dar conta das resolucións adoptadas pola alcaldía.





De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da ´última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto núm. 3.- Mocións-Propostas.

A) MOCIÓN DO BNG: MOCIÓN TARIFA ELÉCTRICA

Dáse conta da moción presentada polo grupo BNG “**MOCIÓN TARIFA ELÉCTRICA**” de data **8 de xuño de 2021** que a continuación se transcribe:

Moción tarifa eléctrica

O GM do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Ares, ao abeiro da lexislación vixente e como mellor proceda, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno,

Exposición de motivos:

O pasado 9 de Marzo do 2021 o Consello de Ministros, a proposta do MITECO, aprobou o Real Decreto polo que establece a metodoloxía que, xunto coas peaxes do sistema fixadas pola “Comisión Nacional de los Mercados y de la Competencia” (CNMC) na circular 3/2020 conforman a parte regulada da factura eléctrica de cada consumidor ou consumidora.

Esta reforma, xa prevista para o ano 2020 e demorada pola pandemia, entrou en vigor o pasado 1 de xuño. Dende o BNG consideramos que esta norma xera un impacto negativo nos consumidores e consumidoras, danos colaterais importantes que deberán levar á reconsideración desta norma, sobre todo tendo en conta que afecta a importantes sectores da poboación que xa están sufrindo as graves consecuencias derivadas do forte impacto económico das restricións impostas pola loita contra a COVID-19.

Este é o caso do consumo doméstico e nomeadamente daquelas persoas consumidoras adheridas xa con anterioridade ao sistema de discriminación horaria. Na Galiza hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade que verán como a súa factura experimenta un aumento que pode chegar a superar o 30%.

Así mesmo, debe destacarse o impacto que ten en determinadas actividades económicas cunha forte implantación na Galiza como son as pequenas explotacións gandeiras, xa que os horarios do período punta da tarifa coinciden con tarefas de alto consumo enerxético. Se observamos o perfil típico dunha explotación gandeira, veremos que o 40% do consumo concéntrase entre as 8h e as 13h pola mañá e as 18 e 23h pola tarde, xusto o período punta, polo que o incremento medio na factura será de máis do 40%.





No país existen máis de dez mil explotacións afectadas por este cambio e sen alternativa posíbel.

De igual forma, outros consumidores cun perfil de consumo semellante ao descrito, como é o da hostalería, xa duramente golpeado pola pandemia, e o resto de PEMES, sufrirán igualmente as consecuencias, pois as súa actividades desenvólvense necesariamente durante as horas de maior custo da enerxía. Todo isto nunha Galiza que exporta electricidade.

Para rematar, queremos facer fincapé en que non resulta lóxico acometer un cambio normativo deste calibre sen ter en conta outros aspectos da composición da factura cuxo peso é relevante e cuxa necesaria revisión demándase tamén dende amplos sectores da sociedade, como son o importe do imposto especial da electricidade e o tipo de IVE que debe aplicarse, sendo a electricidade un ben de primeira necesidade e non un luxo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate a aprobación polo Pleno esta moción, propoño a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Ares da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios de aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.
2. Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:
 - a) Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.
 - b) Beneficiar aos territorios de producción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa producción a través dun abaratamento dos prezos.
 - c) Modificar a lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que o PSdeG-PSOE presenta unha emenda a moción para suprimir o punto 2.b) Beneficiar aos territorios de producción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa producción a través dun abaratamento dos prezos.

Continúa o Sr. Alcalde preguntando si hai algunha emenda máis.

Responde o voceiro do PP o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non.

O Sr. Alcalde pregunta ao Sr. Secretario si se vota a emenda.



Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que non, que hai votos de legalidade que impiden votar unha emenda que non é aceptada polo propoñente

Reponde o Sr. Alcalde sinalando que aquí sempre se fixo.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que aquí se fixeron moitas cousas.

O Sr. Alcalde somete a votación a emenda a moción "TARIFA ELÉCTRICA" para a súa aprobación

Sometida a votación a emenda a moción "**TARIFA ELÉCTRICA para suprimir o punto 2.b)** beneficiar aos territorios de producción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa producción a través dun abaratamento dos prezos" o Pleno do Concello por 11 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 3 do PP, 1 de NAL) e facendo constar a negativa a votar dos 2 concelleiros do BNG, acordan dar a súa aprobación a emenda proposta.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que solicitan que conste en acta a regularidade no procedemento ao respecto da votación dunha emenda que presenta un grupo e que non é aceptada polo grupo propoñente e polo tanto, como non vamos a volver outra vez sobre cousas que xa se arranxaron, abandonamos o pleno

Sendo as 12:25h o grupo municipal BNG abandona o pleno.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que efectivamente o BNG abandona o pleno pero que conste en acta que isto sempre se fixo así neste concello, sempre foron aceptadas emendas dos grupos e por tanto loxicamente si hai consensos evidentemente aceptamos todo, pero eu o que no vou a aceptar é que votemos en contra dunha moción porque non se queren modificar catro palabras para despois buzonear que o PSdeG-PSOE votou en contra da baixa da factura da luz, iso non o vou a consentir porque sabemos que si votamos en contra dessa emenda por esas catro frases a noticia vai a ser que nos poñemos en contra da moción porque non queremos que se abarate a luz e iso é mentira, queremos que se abarate a luz e por iso preferimos aprobar a emenda e aprobar a moción.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que parece que se cometeu unha ilegalidade no pleno, o que se fixo agora é legal e senón que o corrobore o Sr. Secretario non vai a ser que nós estemos confundidos tamén pero eu que creo que non, isto está axustado a dereito e así é , pódese presentar emendas as mocións polo tanto, que quede claro por parte de Secretaría que a posición que foi adoptada por parte do pleno é a axeitada e a legal, eu creo que deberíamos de facelo porque parece que nós o atropelamos e non é así, o acordo que se tomou é legal.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que cree que o xogo era que se votara en contra, pero iso non o imos a facer, para que despois el diga que nós estamos en contra do abaratamento da factura da luz.





Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que el presenta unha moción do BNG nacional pero el o que presenta e unha moción do grupo municipal do BNG de Ares.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que a situación que temos no pleno é que o goberno trae moitas mocións ao pleno e o BNG as emenda, cantas veces emendou dicindo que quede enriba da mesa, aquí vótanse as emendas de todo.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que a única discrepancia que podía haber é o orden da votación, si primeiro se votaba a emenda ou a moción, aí podería haber alguma dúbida.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que sempre votouse primeiro a emenda de tal forma que si se aprobaba primero a emenda por mayoría aprobábase a moción. e agora enfatíame porque había entendemento, pero non podo permitir que se diga que estamos en contra da baixada da factura da luz porque non é certo, e iso era o que pretendía pero non, imos a votar a favor pero imos a sacar as catro palabras polo que iso implica

B) MOCIÓN EN DEFENSA DO SERVIZO PUBLICO DE CORREOS

Dáse conta da moción presentada pola UGT "**MOCIÓN EN DEFENSA DEL SERVICIO PÚBLICO DE CORREOS**" de data 2 de xuño de 2021, que a continuación se transcribe:

MOCIÓN EN DEFENSA DEL SERVICIO PÚBLICO DE CORREOS

En un contexto como el actual, el servicio postal prestado por Correos juega un indudable papel para contribuir a la cohesión social, territorial y económica del país, tanto a nivel estatal, como autonómico y especialmente en el ámbito municipal, recorriendo y atendiendo diariamente todas las localidades y municipios del Estado, garantizando la prestación de un servicio público a la ciudadanía, empresas y administraciones en la totalidad de los núcleos de población, al margen de su rentabilidad económica.

Los datos lo ponen en valor: más de 8.000 municipios atendidos, 16 millones de hogares, 3,2 millones de empresas (más del 99% son pymes) y un total de 7.100 puntos de atención en el ámbito rural (carteros/as rurales y oficinas) y más de 100.000 kilómetros diarios.

Los Servicios Postales, declarados durante el estado de alarma como servicios esenciales y reconocidos como un elemento de vertebración y cohesión territorial, son un valor arraigado en la vida social de los municipios desde la prestación de un Servicio Público, contribuyendo al desarrollo económico de los mismos, facilitando y dando accesibilidad al derecho de ciudadanos/as, comercios, empresas y administraciones a disponer de un servicio postal a precio asequible y de calidad. Pero con las actuales políticas estratégicas y de gestión de la Dirección de Correos este derecho se está limitando.



Cod. Validación: 9CEIWQW62GA677LP523Y92HJG | Corrección: <https://ares.sedelectronica.es/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.esPúblico | Páxina 6 a 11



Concretamente en la localidad de Ares la empresa SAE Correos y Telégrafos S.A., S.M.E. hemos tenido conocimiento que la empresa pública está llevando a cabo un recorte en la contratación que está dejando sin cubrir el empleo estructural así como los permisos y cualquier tipo de ausencia de los trabajadores y trabajadoras.

A consecuencia de esta decisión, con toda seguridad, los servicios de distribución postal prestados hasta ahora en estas unidades de reparto bajarán su calidad drásticamente, con el consiguiente perjuicio para los ciudadanos/as y empresarios/as de Ares.

Igualmente manifestamos que esta decisión se adopta sin que, previamente, se haya consultado o informado por vía alguna a la Administración Local de este municipio, por lo que desconocemos los motivos por los que se adopta, y además no se le ha dado ocasión de poder ser escuchada a pesar de afectar directamente a los intereses de los ciudadanos/as a los que legítimamente representamos.

La actual Ley Postal y otras normas dependientes reconocen sin lugar a duda que:

- Todos los/as usuarios remitentes o destinatarios de envíos postales tienen derecho a un servicio postal universal de calidad prestado de forma permanente, en todo el territorio nacional y a precios asequibles, al menos cinco días a la semana, conforme a la normativa europea y nacional de aplicación.

El alcance y la prestación efectiva del servicio postal universal deberán responder a los principios de cohesión social y territorial, no discriminación por razón de cualquier circunstancia o condición personal, social o geográfica, continuidad, eficacia y eficiencia en el servicio, y deberá adecuarse permanentemente a las condiciones técnicas, económicas, sociales y territoriales y a las necesidades de los usuarios, en particular en materia de densidad de puntos de acceso y de accesibilidad a los mismos, sin menoscabo de su calidad.

Por lo expuesto, el Pleno del Ayuntamiento de **Ares** a través de esta **MOCIÓN**,
REQUIERE

A:

- LA SAE CORREOS Y TELEGRAFOS, S.M.E.
- A LA SOCIEDAD ESTATAL DE PARTICIPACIONES INDUSTRIALES (SEPI)
- AL MINISTERIO DE HACIENDA
- AL MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA
- Y AL GOBIERNO DE LA NACIÓN

para que adopten las siguientes medidas, que entendemos necesarias para garantizar la prestación de los servicios postales y su permanencia en este Municipio de Ares

1ª.- Afrontar diligentemente la cobertura de los puestos estructurales en la Unidad de Reparto de Fene necesarios para ofrecer un servicio de calidad a la ciudadanía.





2ª.- Mantener la calidad de las condiciones laborales, garantizando una plantilla con suficientes trabajadores y trabajadoras que permita las correspondientes sustituciones por enfermedad, permisos o vacaciones.

3ª.- Garantía de los compromisos de financiación que permitan en nuestra localidad, cumpliendo los parámetros de calidad determinados por Ley, el correcto desempeño de la prestación de los servicios postales, y asegurando que todos los ciudadanos/as reciban el reparto de correspondencia 5 días a la semana como mandata la Directiva Postal europea.

Se dará traslado de este acuerdo al Gobierno de la Nación y a todos los Grupos Parlamentarios del Congreso de Diputados, a la Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, a la Sociedad Estatal de Participaciones Industriales (SEPI), al Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana y al Ministerio de Hacienda.

En A Coruña, a 2 de Junio de 2021

Fdo.: Elvira Maceiras Piñeiro
Secretaria Regional UGT Postal Galicia

Sometida a votación a aprobación da “**MOCIÓN EN DEFENSA DO SERVIZO PÚBLICO DE CORREOS**” presentada pola Secretaria Rexional UXT Postal Galicia o Pleno do Concello por unanimidade dos presentes, 11 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP), acorda prestar a súa aprobación.

Sendo ás 12:35 h o Sr. Vilar Rico abandona o pleno.

- C) MOCIÓN DO PP “INSTAR AO GOBIERNO DE ESPAÑA A BAIXAR O PREZO DA LUZ ACTUANDO SOBRE DETERMINADOS IMPOSTOS E CUSTES REGULATORIOS”

Dáse conta da moción presentada polo grupo PP “**INSTAR AO GOBIERNO DE ESPAÑA A BAIXAR O PREZO DA LUZ ACTUANDO SOBRE DETERMINADOS IMPOSTOS E CUSTES REGULATORIOS**” de data 22 de xuño de 2021 que a continuación se transcribe:

MOCIÓN DEL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR

Jose Manuel Cendán Fernández en calidad de Portavoz del Grupo Municipal de Ares y, contando con el respaldo del citado grupo, desea someter a la consideración del Pleno, para su debate y aprobación, si procede, la moción relativa a INSTAR AL GOBIERNO DE ESPAÑA A BAJAR EL PRECIO DE LA LUZ ACTUANDO SOBRE DETERMINADOS IMPUESTOS Y COSTES REGULATORIOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:





España es el cuarto país de la Unión Europea en el que sus recientes pagan más por la electricidad, al contar con una factura promedio anual de .1273€, representando el 8,5% del salario anual {15.015€}

A este dato hay que añadir otros dos especialmente relevantes. Primero, según datos de Eurostat, al cierre de 2019 el precio de Kilovatiohora de España era el quinto mas alto de la unión europea y, segundo, entre mayo de 2020 y mayo de 2021 la factura de la luz se ha incrementado en un 44%.

Ante estos datos, hay que recordar que en España menos de un 40% de la factura de la luz depende del precio de la electricidad y del mercado.

El resto, se debe a los costes regulatorios derivados de la gestión política (por ejemplo, subvenciones a las renovables o al carbono o el déficit de tarifa, entre otras) y a los impuestos (ej.: el impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica, entre otros).

Si hablamos de costes derivados de la gestión política se debe destacar que al presidente José Luis Rodríguez Zapatero reconocía en 2019 que sus dos legislaturas habían generado una burbuja de 29.281 millones € por el boom de las renovables.

Y si hablamos de impuestos nuestro país se sitúa entre los 10 primeros países de la Unión que mayor IVA (21%) aplica a este producto.

Por tanto, uno de las vías mas inmediatas para reducir la factura de la luz es la rebaja de los impuestos que gravan la electricidad pero el gobierno de España ha optado por implantar una tarifa con tres tramos horarios restringiendo la libertad de elección de los consumidores y obligándoles a cambiar sus hábitos de vida, que no todos los españoles podrán hacerlo, si quieren tener alguna posibilidad de ahorrar en su factura de la luz.

Porque aunque el gobierno afirme que estas nuevas tarifas permitirán que se produzca una bajada general de la factura de la luz, la realidad es muy diferente ya que con esta medida 11 millones de españoles verán incrementada su factura.

Por otro lado, el Gobierno de España para justificar su negativa actuar y rebajar el precio de la luz a millones de hogares españoles vía rebaja de impuestos afirma que, gracias a su acción política, el recibo de la luz bajo en un 40% el año pasado cuando esa rebaja se debió a la caída de la demanda por la pandemia y a la bajada de los precios del gas y del petróleo en 2020.

Y se vuelve a escuchar en Europa para rechazar bajar el IVA aplicando a la electricidad cuando la realidad es que varios países europeos tienen tipos mas bajos que España en las tarifas que afectan a los consumidores y que ni existe una normativa europea que impida bajarlo.





Por lo expuesto, y ante las recomendaciones y medidas aprobadas en el seno de la FEMP, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Ares, presenta la siguiente:

PROPIUESTA DE ACUERDO:

Instar al Gobierno de España a tomar las siguientes medidas para impedir que el aumento espectacular del precio de la energía eléctrica lastre la economía personal y familiar de los españoles ya especialmente dañada por los efectos de la pandemia:

- 1- Rebajar el tipo de gravamen del Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica del 7% al 0%, modificando para ello el Artic. 8 de la Ley 15/2012 de medidas fiscales para sostenibilidad energética.
- 2- Modificar la Ley 24/2013 del Sector Electrico para, entre otros aspectos, que determinados costes regulatorios que se trasladan a la factura eléctrica (deuda del sistema eléctrico y costes extrapeninsulares) como la deuda del sistema eléctrico sean financiados íntegramente con cargo a los Presupuestos Generales del Estado.
- 3- Simplificar el recibo de la luz para facilitar su comprensión.
- 4- Poner en marcha de inmediato una campaña de información dirigida a los consumidores que explique de forma sencilla y comprensible la nueva tarifa de la luz.

En Ares a 18 de junio de 2021

Fdo.José Manuel Cendán Fernández

Sometida a votación a aprobación da moción presenta polo grupo PP "**INSTAR AO GOBIERNO DE ESPAÑA A BAIXAR O PREZO DA LUZ ACTUANDO SOBRE DETERMINADOS IMPOSTOS E CUSTES REGULATORIOS**" o Pleno do Concello por unanimidade de todos os presentes, 10 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP), acorda prestar a súa aprobación.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción pola vía de urgencia.

Non hai

Punto núm. 12.- Rogos e Preguntas

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.





CONCELLO DE ARES

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo referencia ao estado dos camiños a pregunta é, si se van a facer actuacións de desbroce, hai camiños que están intransitables, a concellería de obras e servizos debería de actuar de maneira urgente como si hai que contratar un tractor a maiores como facíamos nós, un traballaba pola mañá e outro pola tarde.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que é imposible ter todo o municipio desbrozado co persoal que temos, áinda que xa empezaron e hai bastantes zoas desbrozadas si que é certo que ao chover e volver a saír o sol volve a crecer, tanto Olimpia como José Juan están pendentes para marcar as pautas dos desbroces e priorizar os camiños onde hai vivendas e agora que entra tamén a brigada forestal poden ocuparse dalgunhas cousas e nós doutras, mañá é San Pedro e non sei si está todo Cervás feito.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que a semana pasada foi a Cervás e era horrible, non sei agora con motivo de San Pedro se xa desbrozaron.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que os festivos marcan os desbroces é dicir, San Pedro en Cervás, San Antonio en Seselle por desgraza isto sempre foi así, eu non o inventei, cando chegamos a Alcaldía desbrozabase nese ritmo, é certo que con máis persoal podes afrontar doutro xeito a organización pero si que é verdade, que é unha materia que está pendente todos os xuños e obviamente con máis plantilla organizase mellor.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor



Cod. Validación: 9CEIWQW62GA677LP522Y92HJG | Corrección: https://ares.sedelectronica.es/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.es/Plenario | Páxina 11 a 11